

Reglamento de participación de estudiantes en programas de cooperación con empresas

(Xunta de Goberno do 29 de Xuño de 1989)

O Real Decreto 1471/81, do 19 de xuño (B.O.E. do 23 de xullo de 1981) regula a participación de estudantes en programas de cooperación con empresas, cara a adquirir unha formación especializada que prepare a súa incorporación futura ó traballo.

Tendo en conta que o mesmo obxectivo se pode acadar participando en calidade de bolseiros nos traballos de carácter científico, técnico ou artístico que se desenvolven nos distintos Departamentos e Institutos da Universidade, faise necesario regula-la participación nos mesmos dos estudantes.

1.- Os estudantes dos dous últimos cursos poderán colaborar na realización de traballos subvencionados por Empresas ou Institucións públicas sempre que así o permita o correspondente convenio.

2.- O tempo adicado a esta actividade non poderá exceder ó 50% do tempo que constitúe o curso académico.

3.- O convenio asinado para a realización do traballo terá que prever unha cantidade en concepto de bolsa e a posibilidade de nomear ós estudantes que se indican no parágrafo 1º.

4.- O traballo dos estudantes realizarase baixo a supervisión do Investigador Principal que velará pola súa formación.

5.- A participación dunha Empresa nun Programa non suporá a adquisición de máis compromisos que os estipulados no Convenio, e, en ningún caso, derivará obrigas propias dun contrato laboral.

6.- Ó non ser unha relación de carácter laboral a existencia entre o alumno e a Empresa, no caso de que ó termo dos estudos se incorporen ó cadro de persoal dos mesmos, o tempo de estancia non se computará a efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, a menos que no Convenio estivera expresamente estipulado.